



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MESÍA

Acordos plenarios de periodicidade de sesións e delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local

O Pleno do concello de Mesía, en sesión extraordinaria celebrada en data 23 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo de periodicidade das sesións plenarias:

“ÚNICO.- As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade bimensual, celebrando sesión o primeiro venres dos meses pares, ás 13:30 horas, no salón de plenos da Casa Consistorial. Se o día de celebración do Pleno ordinario fose inhábil trasladarase a data de celebración do mesmo ó venres hábil inmediatamente posterior, sen prexuízo de que, previo acordo de todos os grupos municipais, puidera trasladarse a celebración da sesión plenaria ordinaria ao día hábil máis próximo que se acordase.”

Así mesmo, o Pleno do concello de Mesía, en sesión extraordinaria celebrada en data 23 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo de creación de Xunta de Goberno Local e delegación de competencias na mesma:

“PRIMEIRO.- Acordar a creación da Xunta de Goberno Local e fixar unha periodicidade quincenal para a celebración das súas sesións, no día e hora que estableza o Sr. Alcalde.

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación nas materias de competencia plenaria.

- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento –salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior-, todo isto de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sexan competencia do Pleno por non corresponder á Alcaldía.

- As competencias para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio, cando, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sexan competencia do Pleno por non corresponder á Alcaldía, coa salvedade dos bens declarados de valor histórico o artístico calquera que sexa o seu valor.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos no orzamento.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto polo artigo 51.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, as anteditas delegacións terán efectos dende o día seguinte á adopción deste acordo, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Mesía, 23 de xuño de 2023.

Asdo: Mariano Iglesias Castro.

Alcalde.